



**DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE FELICITACIÓN DO CONCELLO
AO CENTRO EDUCATIVO COLEXIO A INMACULADA POLO CUMPRIMENTO
DO SEU CENTENARIO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA**

A historia do Colexio A Inmaculada comeza coa chegada a Santiago da familia Simeón, propietarios de diversos comercios e dun banco que leva o seu nome. O matrimonio de Don Simeón e dona Concepción; tiveran cinco fillos e a maior parte dos homes estudaran cos Irmáns das Escolas Cristiás, os Irmáns de La Salle. Así, cando deciden crear unha escola para colaborar na formación da mocidade compostelá, esencialmente a máis humilde, enseguida pensan nesa orde relixiosa.

A filla maior de don Simeón García faleceu no ano 1917 e no seu testamento deixou cen mil pesetas da época para este proxecto. Como non era suficiente, tanto os seus irmáns como o seu viúvo, Benigno, puxéronse de acordo para sacar adiante a obra.

Un ano máis tarde, en 1918 póñense en contacto cos Irmáns e en 1920 colócase a primeira pedra nos terreos do campo de Pitelos, que pertencían á familia e que limitaban cunha propiedade do Concello. Polas dificultades do desnivel do terreo, que implicaron ter que facer grandes escavacións para buscar pedra firme onde apoiar os cimentos do novo edificio, as obras non se iniciaron ata 1921. Tres anos máis tarde, en 1924, inaugúrase o colexio con cinco aulas, unha capela, un salón de actos e a vivenda que destinaban para a residencia dos Irmáns que viñan dar as clases.

Desde moi pronto o colexio é coñecido como “a universidade dos pobres”, e dedícase basicamente a ensinar o alumnado a ler e a escribir e a preparalo para algún oficio. Trabállanse fundamentalmente a lectura, a escritura, a caligrafía, a redacción, o cálculo mental ou a contabilidade. E todo isto complétase co debuxo técnico, o canto, o teatro ou o deporte.

Deste xeito, e grazas a este centro educativo, multitude de nenos sen recursos conseguen labrarse un futuro na cidade en bancos e comercios, que solicitaban aos Irmáns que o seu alumnado puidese saír e incorporarse antes de terminar os seus estudos a eses negocios. En 1924 a escola empezou a funcionar con cinco clases e 175 alumnos. Aos catro anos xa eran 250 e dous anos máis tarde construíronse tres aulas novas e a cifra de estudante subiu a 500.

Ao longo destes anos foron miles os nenos e nenas que pasaron polas súas aulas. Así, entre os seu antigo alumnado poderíamos destacar insignes profesionais, como o ex presidente da Real Academia de Medicina, José Carro Otero, o catedrático e cardiólogo Alfonso Castro Beiras, o dramaturgo Roberto Vidal Bolaño, Juan José Cebrián, sacerdote, historiador e experto na figura do Apóstolo, ou José María Paz Sueiro, primeiro tenente de alcalde do Concello.

Entre os irmáns de La Salle que dedicaron a súa vida a este centro educativo, cabería destacar o irmán Eliseo, que desempeñou o seu labor nos difíciles anos da Guerra Civil, o irmán Mariano Arnillas, quen formou parte da comunidade durante 61 anos ou Santos Martín, profesor e posteriormente director da Escola, quen deixou pegada polas súas calidades artísticas e a súa capacidade de organización.

Por todo o exposto, o Pleno do Concello adopta o seguinte acordo: Santiago de Compostela a través do Pleno do Concello, quere deixar constancia do seu agradecemento a este centro educativo que cumpre 100 anos e a todas as persoas que ao longo destes anos fixeron posible o seu labor asistencial e pedagóxico.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2024.